



III° ENCONTRO ESCOLAR  
DE FERROLTERRA POLA ELIMINACIÓN  
DA VIOLENCIA DE XÉNERO




Tel. 678 466 120

www.fanpaferrolterra.com




III° PROGRAMA ESCOLAR  
DE FERROLTERRA POLA ELIMINACIÓN  
DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Violeta  
desing by Manoly



PORQUE A EDUCACIÓN É A VACINA  
PARA ACABAR CO MALTRATO



III° ENCONTRO ESCOLAR  
DE FERROLTERRA POLA ELIMINACIÓN  
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



COLABORAN:



afaferrol@accionfamiliar.org  
981 358 023



alvixeferrol@gmail.com  
633 840 016



educarenigualdad@fundacionmujeres.es  
915 912 420



oblatasferrol@gmail.com  
981 353 889

FINANCIA:



Deputación  
DA CORUÑA



## AS VÍTIMAS INVISIBLES

Os fillos e fillas son receptores da violencia contra as súas nais, aínda que directamente non reciban ningún golpe. Por iso, é imprescindible insistir na sensibilización e información a nivel escolar sobre a problemática da violencia de xénero e/ou familiar en todas as súas modalidades e atendendo a TODAS as vítimas.

### **OBXECTIVO: FACER VISIBLES ÁS VÍTIMAS INVISIBLES.**

Tras cada nai maltratada que ten fillos ou fillas menores, estes/as sofren trastornos físicos, emocionais, cognitivos, conductuais e sociais.

É un mito que a conducta violenta do agresor á muller non é un risco para os seus fillos/as.

O exercicio da Violencia Doméstica sempre afecta aos nenos e nenas, sempre, ben como receptores, ben como testigos. As agresións dunha figura primordial de referencia no seu crecemento (o pai) sobre o axente de socialización por excelencia (a nai), levan aos menores a crecer nun profundo medo, ata o punto que os trastornos e problemas que presentan estes nenos e nenas son similares aos que presentan as súas nais como vítimas directas de violencia de xénero.

Qué facer?

A educación é a base de todo. Nos casos normais, a educación comeza na casa. Nembargantes, no caso destes nenos e nenas, vítimas da violencia de xénero, é na escola, na casa dos seus amigos/as ou doutros familiares onde poden aprender a desaprender. Na escola poden reforzar a idea de que facer dano non ten xustificación algunha. A escola axuda a detectar posibles casos de menores que sofren a violencia familiar ou de xénero, un primeiro mais un paso moi importante, porque o que realmente precisan estes menores é apoio, tratamento e atención especializada.

### **CONTIDOS**

Nesta edición, o Centro recibirá DÚAS SILUETAS AUTOPORTANTES DE “VIOLETA”, A MASCOTA DE TODAS AS EDICIÓNS, UNHA VIOLETA ADULTA E UNHA SILUETA DE VIOLETA INFANTIL, a tamaño real e identifica-da co nome do Centro, do Encontro e cos logos correspondentes.

Ademais, cada un dos/as escolares contarán cunha VIOLETA en PAPEL na que escribirá a súa mensaxe ou fará un debuxo que exprese a súa propia loita contra a violencia de xénero e especialmente contra a violencia que padecen os fillos e fillas, os menores que viven esta terrible situación no interior do seu fogar. Estas Violentas de papel serán colocadas polos propios escolares nas siluetas de tamaño natural do seu Centro.

Todos os xogos de SILUETAS dos centros participantes cheas cas mensaxes e debuxos dos escolares serán expostas nun espazo aberto ao público para, deste xeito, sacar da oscuridade e dar visibilidade ás VÍTIMAS INVISIBLES, eses menores, nenos e nenas, fillos e fillas que son vítimas da violencia de xénero que sufren as súas nais.

Unha exposición que se iniciará en Ferrol, e que poderá percorrer os diferentes concellos da comarca que así o soliciten.